



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Expediente n.º: 2023/C003/000012.

Documento de Formalización do Contrato.

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado con pluralidade criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

Asunto: MANTENIMIENTO DE PISTAS EN TRASBARCALA Y VILACHÁN DE ABAIXO. POS + 2023

Documento asinado por: O Alcalde e o Representante da Empresa.

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

En Negreira (A Coruña) na data que figura nas sinaturas electrónicas.

Dunha parte don Manuel Ángel Leis Míguez, co NIF: [REDACTED] en calidade de alcalde-presidente do CONCELLO DE NEGREIRA con NIF: P-1505700-C.

Doutra parte don Diego Nieto Barreiro con NIF: [REDACTED] en representación da empresa CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS S.L. con NIF. núm. B-15.261.308, con domicilio en c/Álvaro Cunqueiro, 5, local 4.- A Coruña.

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do contrato de obras de “MANTENIMIENTO DE PISTAS EN TRASBARCALA Y VILACHÁN DE ABAIXO” POS+2023.

ANTECEDENTES

PRIMERO.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de decembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) tramitación ordinaria, do contrato de obras de “Mantenimiento de pistas en Trasbarcala y Vilachán de Abaixo”. POS +2023

SEGUNDO.- A Mesa de Contratación, reunida con data de 21 de xuño de 2024, requireu á licitadora proposta para a adxudicación para que aportase a documentación pertinente para a adxudicación do contrato, todo elo de acordo co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

A referida documentación presentouse en prazo e polo tanto mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de agosto de 2024, adxudicouse a Construcciones J. Mauri e Hijos S.L. o contrato para a execución das obras “Mantenimiento de pistas en Trasbarcala y Vilachán de Abaixo”. POS +2023.

E convindo ambas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de obras, o formalizan neste documento administrativo, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. DON DIEGO NIETO BARREIRO, en representación de CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS S.L. comprométese á realización das obras “MANTENIMIENTO DE PISTAS EN TRASBARCALA Y VILACHÁN DE ABAIXO” POS+2023, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao prego de prescricións técnicas, ao proxecto técnico e á oferta presentada pola adxudicataria, documentos que acepta plenamente e sen reserva algunha.

SEGUNDA. O prezo do contrato é de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (71.582,20 €) máis QUINCE MIL TRINTA E DOUS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (15.032,26 €) de IVE . TOTAL: 86.614,46 EUROS.

TERCEIRA. O prazo de execución do contrato é de SESENTA (60) DÍAS a contar desde o día seguinte ao da sinatura do acta de comprobación do replanteo e o prazo de garantía é de UN ANO.

CUARTA. O contratista presta a súa conformidade tanto ao prego de cláusulas administrativas particulares como ao de prescriciones técnicas e ao proxecto de obras que rexen este contrato, e ambas partes se someten, para o que non esté establecido nos citados documentos á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. O presente contrato tamén se somete á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente contrato exténdese en dous exemplares e a un único efecto, no lugar e data ao principio mencionados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE